



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para a difusión das actividades desta Consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2018*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 8 de febreiro de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA EXPLICATIVA

A Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa entidade Corporación Voz de Galicia para establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre esta consellería e ese medio de comunicación para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2018.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera de sumo interese todo o apoio e a difusión social que se faga a través dos medios de comunicación de ámbito de actuación autonómico co fin de poñer en coñecemento con obxectividade entre o público en xeral as particularidades da súa actividade na execución daquelas estratexias, programas e/ou iniciativas da súa competencia que consideran de maior interese para a cidadanía, e procurar, deste xeito, un maior coñecemento destes pola poboación.

Por outra parte, as entidades editoriais galegas, entre as que se atopa a Corporación Voz de Galicia, S.L.U., ademais de constituír nas súas áreas de influencia os medios máis axeitados para dar a coñecer as estratexias, programas e/ou iniciativas da consellería, e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións de goberno que son de interese xeral, contribúen a facer efectiva a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre os medio de comunicación citados e os da Vicepresidencia e consellería de





Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dada a natureza das súas actuacións, o cal determina a posibilidade de colaboracións das dúas partes para atender unha finalidade común.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, destinará a sinatura deste convenio a cantidade de cento corenta e nove mil oitocentos noventa e nove euros con doce céntimos (149.899,12 €) con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria aplicación orzamentaria 05.21.121A.641.0, código de proxecto 2015 00165, do seu orzamento para o ano 2018.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

